

SERVANDÍN, *fareiro porteño*

↓ Félix Martín Martínez

El menor de cinco ermaos, Servando Méndez Álvarez (Tapia 1917-2000), era fiyo de Paco, capitán da marina mercante que chegou a ser administrador dos barcos que chegaban al porto tapiego, y de Concha, cúa xeira ben amolada de sacar adelante a súa familia, pero falecida condo Servandín case nun tía nin dous anos. Por mor d'esto, criouse na casa de súas tías, disfrutando d'un ambiente de libertá por entre as caleyas de Tapia que tiveron que forxar el sou carácter aberto, esparpayao y falangueiro.

Servandín recibíu a primeira escola de maos da nombrada maestra tapiega doña Bernardina, incorporándose máis tarde, a os 17 anos, á contenda civil española. Alí tuvo como primeiro destino el Pirineo Aragonés y despóis a Escola d'Aviación de Sevilla. Dous anos máis tarde foi tresladao a Madrid, unde fexo dalgúas cousas como artista, sacando el carné d'artista en Aranjuez. Pero puido máis a súa vocación porteña, y cursóu os estudos de Técnico de Señales Marítimos —fareiro, pra entendéremos—, nel qu'iba ser el sou principal labor profesional toda a vida. Al ingresar nesta actividá lougo entróu nun réxime de suplencias que, aunque era máis malgracioso, por itinerante, dábaye máis ingresos. El sou primeiro destino laboral foi en

1943 nel Faro de Orchilla, nel isla canaria de Hierro, col que puido conocer case todo el archipélago canario y, como gran aficionao á música, hasta identificarse col sou folklore, cuas *folías*, principalmente.

Dende aquí chegou a ocupar a titularidá dos principais faros asturianos, entre ellos, Llastres, Llanes, El Cabu Peñes, El Cabu Vidíu, El Cabu Bustu, Lluarca, Cuideiru, etc. En todos estos lugares Servandín soupo fer da súa profesión un xeito amecido de fer amigos, véndose na necesidá de visitalos de ralo en ralo, case siempre al tempo d'úa búa enchentuada. Tuvo el ocasión d'entrar nel Administración d'Uviéu, ou de Xixón, pero quixo miyor a súa vila natal. Nel ano 1946 sacóu el sou destino como fareiro en Tapia, labor que fía d'emparzao con sou ermao Paquín, futbolista ben nombrao y entrenador del Real Tapia. Por




Servandín foi, sobre todo, un namorao de Tapia

ese tempo, el funcionamento dos sinais marítimos era mecánico dafeito, todo a base de bombonas d'acetileno, grupos electróxicos, chaves, palancas, e un motor que daba un feixe d'averías, lo que levaba úa atención de contino.

Cortexador en bicicleta, nel lugar tapiego de Serantes casou a os 34 anos con Rogelita Fernández Presno e tuvo oito fiyos, catro varóis e catro muyeres. A partir d'aquí, al tempo del sou labor nel faro, foi ún dos primeiros armadores tapiegos del barco «Amador», que patroniaba outro entrañable personaxe tapiego, conocido por *Pichón*.

Paralelamente empezou úa chía de labores, suministrando augua destilada ás lanchas qu'entraban en Tapia, organizando cursos d'especialización pesqueira, e coincidindo con un época (década de 1950, arosimao) en qu'a vila tapiega tía úa mui intensa actividá portuaria.

Servandín foi, hacia 1940, mandolinista da Rondalla de Tapia, participante nos grupos de teatro local, futbolista (porteiro) del Real Tapia hacia 1950 en compañía de sou ermao Paquín, empresario da primeira sala de xogos qu'houbó na vila e que tuvo nos baixos da súa casa (local del Bar «El Faro»), representante d'hosteleiría, vendedor de frutos secos, de




El faro de Tapia, unde Servandín se xubilou



Servando Méndez Álvarez, «Servandín»

tractores e de vigas, peñista gastrónomo, piropoador d'altura, coqueto e presumido, sombreirista a lo *Glar Gable*, fumador empedernido hasta a cincuentena, fanático esposo e patriarca, lector acérrimo, taurófilo, devoto da Virxe del Carme, e sportinguista confeso (naide é perfecto), beilarín en todos os saraos, disqueteiro penitente, fundador da *Coral Polifónica Tapiega*, e, sobre todo, namorao de Tapia, unde se xubilou a os 68 anos.

En 1985 recibiu un primeiro multitudinario homenaxe público nel Hotel «Puente de los Santos», unde houbó que colgar el cartel de «nun hai billetes», e un segundo reconocimiento al pouco, con outros dous compañeiros de profesión, que neste caso foi nel uviedín Hotel «La Gruta».

Cantador en escenarios improvisaos, nun costaba caro atopalo a deshoras da noite entonando dalgúa d'estas coplas: *Baxaben cuatro ayeranos*, *Soi de Verdicíu*, ou *Dime paxarín parleru*. Personaxe peculiar e intrasferible, formou parte del paisaxe e paisanaxe de Tapia toda a súa vida. 

BIBLIOGRAFÍA Y FONTES:

VV. AA. (1997): *Tapia en el recuerdo*. Conceyo de Tapia, Tapia.

Archivo particular de Rogelia Fernández Presno, Tapia, xuyín de 2005.

Méndez, Javier. Informante oral. Uviéu, setembro de 2000.